

Xente da Baixa Idade Media (III)
**Sancha Rodríguez, muller de Andrade
e Nuño Freire, Mestre de Christus**

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Se non se advirte outra cousa, as fotos e debuxos son do autor

Hai tempo que os estudiosos da arte medieval de Galicia dan por desaparecido o sepulcro da primeira (ou quizais xa segunda) muller de Fernán Pérez de Andrade, Sancha Rodríguez. Mesmo se ten posto en dúbida a súa propia existencia. Pero agora, ó xuntarse unha serie de pezas sepulcrais no Museo das Mariñas de Betanzos, podemos pasar da mera posibilidade a unha clara probabilidade. Porque estas pezas, orixinarias da igrexa-mosteiro de San Francisco de Betanzos (onde existe outro elemento máis do rompecabezas), poden conformar, como se verá, un sepulcro feminino da segunda metade do s. XIV que podería

ser perfectamente o de Sancha Rodríguez, muller de Fernán Pérez de Andrade.

Vou desenrolar, pois, esta hipótese, posto que ten demasiados elementos a favor como para non abordala, e iso é o que me leva a empezar por coñecer quen foi esta muller.

I. SANCHA RODRÍGUEZ

Sancha Rodríguez era filla de *Aras Pardo* (*caualleyro ffillo de García Perez Pardo et de Dona Mayor Eanes*) e da súa *moller Tareya Affonso* (irmá do *Arçidiago de Trastamar*). Da transcripción do testamento de seu pai (1362) (1), desprénde-

* Alfredo Erias é funcionario do Concello de Betanzos e como tal director do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.

(1) MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés. *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. La Coruña, Imp. de la Casa de Misericordia, 1911, pp. 116-120. "Año 1362. Testamento de Aras Pardo". Vemos unha confirmación indirecta de que *Arias Pardo* (sic) era o sogro de Fernán Pérez de Andrade, en LÓPEZ FERREIRO, Antonio. *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central, t. VII, 1905, p. 23.

VAAMONDE LORES no traballo "Quién es el Aras Pardo que está sepultado en la iglesia de San Francisco de Betanzos" (*Boletín de la Real Academia Gallega*, t. 13, La Coruña, 1923, pp. 333 ss.) considera que o Aras Pardo de Betanzos é o vello, é dicir, o que fixo o testamento no 1362. É un traballo moi valioso porque aporta moitos datos documentais inéditos, pero no que respecta á idea principal, parece evidente que está equivocado, como así o considerou xa Don Francisco VALES VILLAMARÍN no seu traballo "La tumba de Aras Pardo en el templo monasterial de Monfero" (en: *La Coruña, Paraíso del Turismo*, 1971).

Primeiro, hai un dato fundamental como é que no seu testamento di: *et mando enterrar meu corpo no cimitorio da iglesia de sancia María de Monfero dentro na iglesia ally hu iazen os ditos meu padre et mja madre*. Despois, a existencia, con toda probabilidade, do sepulcro deste home poderoso en Monfero explica moi ben que fose copiado, tanto no do seu fillo en Betanzos como noutrous de nobles galegos próximos, cousa particularmente evidente, por exemplo, nun cabaleiro da familia Ulloa en Sobrado.

MANSO PORTO, Carmen. "El códice medieval del convento de Santo Domingo de Santiago (IV)". En: *Archivo Dominicano, Anuario VI*. Salamanca, 1985, p. 41. Polo testamento do 10-IX-1448 de D. Alvaro de Isorna, arcebispo de Santiago, coñecemos que o noso *Arçidiago de Trastamar* (que testou no 1365 e era sobrío do arcebispo D. Martín Fernández de Gres e do arcediano de Reina, D. Nuño Gonzalo de Benalbaña) se chamaba *Afonso Sanches*; súa nai, *Sancha Rodríguez* (avoa materna, polo tanto, da muller de Andrade do mesmo nome), e que os dous estiveron enterrados en Santo Domingo de Bonaval. Coñecemos tamén que o arcedianato de Trastamara comprendía os alciprestados de Seaia, Soneira, Nemancos, Entins, Cétigos (sic), Barcalá e Dubra.




Fig 1.- Árbore xenealóxica da ligazón familiar entre a familia Pardo e Fernán Pérez de Andrade.

se que tivo tamén un medio irmán, chamado, así mesmo, *Aras Pardo*, que aparece como fillo de *Tareyga Eans*. Como desta *Tareyga Eans* non se di nada máis, pode pensarse que non chegou a ser muller do vello Aras Pardo, quen tería con ela ese fillo natural (2).

O matrimonio, os fillos ...

Nun libro recente afírmase que Fernán Pérez tivo tres mulleres e non dúas: Tareixa de Guzmán, Sancha Rodríguez e Constanza de Moscoso. Nembargantes, esa Tareixa non aparece

citada en ningún documento publicado ata agora. ¿Non será a muller doutro Fernán Pérez de Andrade que atopamos nas primeiras décadas do s. XIV? (3).

Non sabemos, pois, de momento, se casou con Tareixa, pero si que o fixo con Sancha Rodríguez, probablemente sendo un mozo novo. Isto é unha mera suposición pero concordaría co feito de que se Andrade morrera con 80 anos, tería 20 no 1337 e iso permitiría que pudiera ter con Sancha Rodríguez dúas fillas, xa monxas clarisas (aínda que quizais nenas ou mozas novas) a mediados do século,

(2) Algúnha diferencia (*brisura*) que se ve nos escudos do seu sepulcro de San Francisco de Betanzos (unha fila menos de veros, con respecto ó de seu pai do mosteiro de Monfero, o feito de que os veros do segundo escudo pola esquerda estean ó revés, é dicir, cara abaxo...), reafirma a idea da bastardía dese fillo. Este Aras Pardo (o fillo) do sepulcro de San Francisco aínda vivía o 24-V-1391, cousa que sabemos por unha escritura que transcribe VAAMONDE LORES ("Quien es el Aras Pardo ...", *Op. cit.*, pp. 339-340). Nela aparece como fillo que soy de *aras pardo* caballeiro e esposo de *Sancha afonso*, con quen vende (por nos e por nossas vozes) a *tareyia sanches de moscoso* e a *lionor afonso* [as dúas fraíras do mosteiro de santa clara de Santiago] aquela viña con sua heridade qual soy de *abrafan aben subxen* judío e de sua moller mazantona aqual viña jaz hu chaman *rroyueira* friglia da iglia de san martiño de brauío como de parte do río de mende e por cima da congostra e camiño antigoo que vay de betanzos para a ponte de *rroyueira* ... A qual viña sobre dita nos compramos a pero de veriis laurador veziño desta vila de betanzos que nos la vendeu para pagar a doña constanza moller de fernan peres dandrade oyto centos moravedis de moeda vella quelle odito abrafan tirou emprestados para pagar rrendas del rey ...

(3) GARCIA LEDO, Xosé Antón. *As pedras armeiras: catálogo-inventario monumental e artístico do Concello de Culleredo*. A Coruña, Deputación Provincial, 1992. Véxase a árbore xenealóxica que o autor presenta na p. 88, onde remite a "Datos de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, ..."

Sobre o Fernán Pérez de Andrade, que foi matado con seu irmán o 16-IX-1320 polo arcebispou *fray Berenguel* [de Landoria], véxase DÍAZ Y DÍAZ, Manuel [et al.]. *Hechos de Don Berenguel de Landoria, Arzobispo de Santiago: introducción, edición crítica y traducción*. Santiago, Universidad, 1983, p. 130: ... *Duo ... germani Dandrade cognominati, ministri Sathane...* Véxase tamén APONTE, Vasco de. *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia...* Santiago, Consellería da Presidencia, 1986, p. 131.


no mosteiro de Santa Clara de Santiago, como veremos máis adiante (v. nota 8).

Mirando cara a esa época, parécenos que Fernán Pérez o eclipsaba todo, pero a súa importancia no tempo en que formou unha familia con Sancha Rodríguez non era máis que a dun fillo segundón de incerto futuro, quizais con algún tipo de fracaso matrimonial previo, aínda que dunha familia xa poderosa. É máis, con toda probabilidade, foi precisamente o seu casamento con Sancha Rodríguez o primeiro peldaño no longo camiño de ascensión social que percorrería desde aquela: a ligazón de Andrade cos Pardo, tan ampliamente reflexada na igrexa de San Francisco de Betanzos, tanto no seu tempo como despois, é un dato máis que reafirma esta idea (4).

(4) Vale a pena suliñar a situación dos sepulcros na cabeceira da igrexa, de tal xeito que parece que houbo unha vontade xeral, como se seguiran unhas regras establecidas: na capela maior, Sancha Rodríguez (lado da epístola, segundo Jerónimo del Hoyo e outros cronistas) e Fernán Pérez (no do evanxeo); na capela absidal da epístola, o irmán maior de Fernán Pérez, *Johan Freyre de Andrade*; e na capela absidal do evanxeo o irmán de Sancha Rodríguez, Aras Pardo. Prodúcese así unha sensación de encadeamento das dúas familias, alternándose os seus membros. Pero é que ademais na mesma igrexa atopamos os sepulcros doutros membros da familia Pardo: *Iuan Nunes Pardo*, Pedro Fernández de Páregu (amosa no seu escudo un cuartel dos Pardo), unha muller con escudos dos Pardo e Aguiar, ...

Mesmo quizais se poida considerar da familia Andrade/Pardo ó *Pero Martis Reymondes*, que o 28-XII-1396 aparece nun documento xunto á súa muller, *Maria Rodrigues*. E se á coincidencia deste apellido, *Rodrigues*, xuntamos o feito de que o seu sepulcro está na parede oeste do alongamento do brazo sur da igrexa de San Francisco, (AQUI : IAZ : P[EDR]O : MARTIZ : REIMONDEZ : IURADO : DE : BETANCOS), a probabilidade dunha relación familiar co matrimonio Andrade é grande. Véxase, ATANASIO LOPEZ, Fr. "María Rodríguez y otros, venden a Fr. Lope Manteiga una heredad en Betanzos.- Año 1396". En: Boletín de la Real Academia Gallega (BRAG), t. II, dc. XXXVIII.

Fig. 2.- Aras Pardo (o fillo) na igrexa-mosteiro de San Francisco de Betanzos.



Hai unha muller moi poderosa, Dona **Mayor Rodríguez**, casada con **Afonso Lopes de Lemos**, que fai un impresionante testamento o 29-XI-1323 en Monforte (5). Moitos dos datos que ofrece permiten pensar que estamos posiblemente diante dunha tía avoa, ou polo menos dunha familiar próxima da nosa **Sancha Rodríguez**. Dedúcese isto da manda que fai a favor de **Mayor Annes** (ou **Eanes**, que tamén aparece así), filla de **Johán Gómez**, a quen lle deixa os *quinoes dos Casares do Abade* e más as súas propiedades en *Beceço* (Viceso, concello de Brión), polos días da súa vida, e despois pasaría todo isto a Santa Clara de Santiago para alí alumear as *lanpaas*. Esta **Mayor Eanes** é das poucas persoas que aparece citada de xeito singular; outra é **Sancha Gómez** a quen lle deixa o seu *casal de Saa* pola súa vida e di que despois quede para a neta desta, chamada tamén, curiosamente, **Mayor Rodríguez**.

Parece, desde logo, que estas tres mulleres son irmás, pero o interés para este traballo está na posibilidade de que esa **Mayor Eanes** sexa a mesma que coñecemos (con idéntico nome) como nai do ve-

llo **Aras Pardo** e, polo tanto, avoa de **Sancha Rodríguez**. Iso demostraría que Sancha, tanto pola familia paterna como pola materna, era un dos mellores *partidos* para calquer cabaleiro con pretensión de se casar.

A Santa Clara de Santiago tamén deixá **Mayor Rodríguez** todo o que ten en *Trastamara et en Pusto Marcos* (lembremos que o tío materno de Sancha Rodríguez, **Alonso Sánchez de Gres**, será Arcediano de Trastamara) e a súa *meatade de Neda*, territorio que máis tarde veremos nos dominios de Fernán Pérez. Pero esta coincidencia de posesións que logo aparecerán dentro dos estados de Andrade sigue: *casal de Saa e quanto eu aio en Saa, quinón de Miño, casal de Reçemin, quinon de la casa de Moesche con todas las outras cousas que eu ey ennas Somocas...* Todo isto abonda, pois, na probable ligazón familiar entre esta Maior Rodríguez e a filla de Aras Pardo.

Pola súa parte, Fernán Perez de Andrade ainda tardaría en aparecer como un gran señor de terras e vasallos. Tería que esperar á guerra civil entre Pedro I e Enrique de Trastamara (6). Como escu-

(5) GÓMEZ CANEDO, Fr. Lino. "Testamento de D^a Mayor Rodríguez, mujer de Alfonso López de Lemos.- Año 1323". En: *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. IX, núm. 207, 1932, pp. 444-449. Véxase tamén, CAL PARDO, Enrique. *El Monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos: colección documental*. La Coruña, Diputación Provincial, 1984, pp. 254-255: "Testamento de Mayor Rodríguez, mujer de Alonso López de Lemos, por el que lega al Monasterio de Pedroso los Casares de Abad, con varias mandas para los Monasterios de Sta. Clara de Santiago, Belvís, San Francisco de La Coruña y Betanzos, Catedral de Mondoñedo, etc".

(6) Dentro do contexto europeo da Guerra dos Cen Anos enmárcase a guerra civil (1352-1369) entre o Rei Pedro I (1350-1369), apoiado por Inglaterra, e o seu medio irmán, Enrique de Trastamara, apoiado por Francia. A vella nobreza galega (Fernando de Castro, Suero Yáñez de Parada, etc.) estará con Pedro I e, nun primeiro momento, Fernán Pérez tamén. Desta maneira, recibe do Rei a feligresía de Recimil e outros bens (12-IV-1356) e o 1-V-1364, *por juro de heredade*, Vilalba, Pontedeume e Narahío, donación feita polos *muchos buenos et leales servicios que me habedes hecho et facedes de cada dia*. Nese mesmo ano acompañará a Pedro I na súa expedición a Aragón.

Andrade, o mesmo que outros nobres, en xeral linaxes novos ou pouco encumiados (Andrade, Biedma, Lemos, Maceda, Moscoso, Nôvoa, Sarmiento, Soutomaior, Ulloa, Valcárcel, ...) rematará ó lado de Enrique de Trastamara, quen parece ser que foi posto a salvo polo propio Fernán Pérez no seu castelo de Nogueirosa (castelo que xa existía antes de 1369, cando Andrade o ampliaría; ver nota 7) da persecución de Pedro I, facilitándolle un barco para que coas súas xentes partise de Ferrol, acompañándoo por Asturias, Vizcaya e La Rochelle (Francia), onde Enrique se alistou nas bandeiras do Rei de Francia na súa loita contra Inglaterra. O certo é que no 1366 Enrique realizou en Galicia unha intelixente campaña diplomática, captando o favor do clero de Santiago e de diversos nobres.






Fig. 3.- Sepulcro de Aras Pardo, pai de Sancha Rodríguez, na igrexa-mosteiro de Monfero.

deiro áinda é tratado despectivamente polo prior e monxes de Sobrado cando protestan pola construición da torre de Nogueirosa que iniciara no 1369:

... estando no cabildo do moesteiro de santa maria de Sobrado da orden do Cistel que he eno arcebispado de Santiago don frey Esteban sejas Prior do dito moesteiro por si e en nome do conuento do dicto moesteiro que presente esta e outorga disso que a el e ao

dicto conuento era dicto que fernan peres de andrade escudeiro queria facer hum castelo et torres en a pena que chaman do leboredo que he eno couto de Nogeyrosa a cerca da ponte deume a qual pena e couto e lugares e herdades e señorío eran do dicto moesteiro de sobrado et que o dicto fernan peres de andrade non temendo a Deus e en gran daño e perjuicio de sua alma por força e contra boontade do dicto conuento e homes boos do dicto moesteiro queria façer o dicto cas-

→ Fernán MARTÍS, capelán de Andrade, no fº 100 da *Crónica Troiana*, calificoo como *o mellor home que avia entoce en Galiza dos code ou rrico home agora*. Pola súa parte o Licenciado MOLINA na súa *Descripción del Reyno de Galicia* de 1550 fala de *fernán perez de andrade el bueno*, facendoo principal protagonista no desenlace da guerra: *estando caydo en tierra el don enrique y don pedro sobre el ya para le matar, se hallo allí este fernán perez, el cual diciendo, yo no quito rey ni pongo rey, mas ayudo a mi señor, tomo del braço al rey don enrique, el cual dando la buelta sobre su enemigo y hermano el rey don pedro, le mato ...* Este feito ocurrido en Montiel o 23-III-1369 ten, segundo outra tradición, por protagonista a Beltrán Duguesclin, mercenario bretón que mandaba as Compañías Blancas en apoio do novo Rei, Enrique II (1369-1379).

A raíz da victoria, as ruindades de todos son atribuídas en exclusiva ós perdedores e por excelencia a Pedro I, que será denominado "El Cruel". Os nobres perdedores quedarán sen as súas posesións e os vencedores obterán "mercedes" e veranse ensalzados a tódolos niveis. Enrique II doará a Fernán Pérez os señoríos de Ferrol e Pontedeume (19-XII-1371), así como o de Vilalba (3-VIII-1373), cos seus términos, aldeas e xurisdiccions. Pero é que, ademais, a gran extensión dos dominios de Andrade ampliarase non só por "mercedes", senon tamén pola súa política de acaparamento de terras (o mesmo que facían outros nobres), imponiendo a súa vontade por vía de encomenda a diversos mosteiros galegos, sen respectar os seus privilexios (Sobrado, Bergondo, Meira, ...). Defendeu Betanzos e A Coruña dos portugueses en diversas ocasións e foi un gran constructor, posto que, míticamente (pero con bastante base real), Jerónimo del HOYO nos dirá no 1607 na súa *Historia de Betanzos* (aparece como apéndice sen autor na *Historia de Galicia* de Benito VICETTO, t. XII da súa reedición pola Ed. Gran Enciclopedia Vasca, Bilbao, 1979): *este Fernán Pérez fue muy privado del rey D. Enrique, y viviendo en la ciudad de Betanzos edificó siete iglesias y siete monasterios y siete puentes en siete ríos caudalosos y siete hospitales ...* A todo este poder hai que engadir un gran tesoro de doblas y reales y moneda amonedada que ficó de Fernán Pérez o boo para os seus herdeiros, tal como nos di Vasco de APONTE no seu *Recuento de las Casas Antiguas del Reino de Galicia* (Santiago, Xunta de Galicia, 1986, p. 140).

telo en a dita pena de lebored e en dicto couto da qual cousa o dicto Prior e conuento desian que abian gran medo e temor de se les seguir de daño e perda do dicto moestiero e de seus lugares e bees et que o dicto prior e conuento abian medo e gran pabor do dicto fernan peres e de seus homes dos corpos e dos auenços e juraban por sua orden que non ousaban ir a dicta pena de lebored nen aos dictos lugares nen enreda... (7).

En calquer caso, o ascenso de Andrade sería a partir destes anos imparable ata rematar na súa autoglorificación, xunto con Sancha Rodríguez e parte da familia dos dous, no panteón, case real, que se fixo construir en San Francisco de Betanzos.

Nunha relación de membros que formaron parte do mosteiro de Santa Clara de Santiago na primeira metade do s. XIV (8), aparecen *Maria Fernández e Ynés Fernández como Hijas de Don Ffernan Pérez d'Andrade y de Doña María Rodríguez*. As coincidencias son moitas como para dubidar, tendo en conta ademais que noutras referencias a Sancha Rodríguez se lle chama María Pardo (o apellido referiríase a seu pai Aras Pardo), como na *Historia de Betanzos* do Cardeal Jerónimo del Hoyo, copiada por Verín e

por Vicetto: *En esta ciudad vivian y tenian casa ... Fernan Perez el Bueno y doña Maria Pardo su muger ... (9).*

Non era nada extraño na época que se meteran as fillas nun mosteiro, e, sobre todo, no de Santa Clara de Santiago, no que atopamos varias relixiosas de Betanzos ó longo do s. XIV, segundo nos di o profesor Viader (v. nota 8):

1^a metade do s. XIV

-*Doña Mayor Peres de Betanzos.*

-*Urraca López: Hija de Lopo Pelaes, caballero de Betanzos.*

-*Maria Fernández e Ynes Fernández: Hijas de Don Ffernan Pérez d'Andrade y de Doña María Rodríguez.*

2^a metade do s. XIV

-*Marina Domínguez "Palmeira": De Betanzos.*

-*Mayor García de Betanzos.*

-*Lionor Vasquez: Hija de Vasco Gómez de Langara, escudero de Betanzos.*

O feito de que estas probables fillas de Andrade estiveran no mosteiro de Santa Clara tiña ademais a lóxica de que este centro representaba para as mulleres o que os franciscanos para os homes, e xa sabemos ben cal sería a relación de Andrade con esa orde (10).

No s. XV, en cambio, non aparece de Betanzos máis que *Maria Gómez*, o que

(7) VAAMONDE LORES, César. *Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes: apuntes históricos y genealógicos*. Coruña, Litografía e Imprenta Roel, 1917, pp. 46-48.

Fernán Pérez non lles fixo caso e seguiu a construir (mellor a ampliar) a torre, polo que o mosteiro lle puxo un pleito que durou, ó parecer, bastante tempo, rematando cun acordo polo que os frares consentían a construcción e Fernán Pérez tiña que pagar a irrisoria suma de 10 maravedís ó ano, pero, iso sí, obrigábanle a ter un fiador, que sería un Juan Freyre (seu irmán ou seu sobrino, fillo do Mestre de Christus), por se non pagabá: ¿era isto unha fórmula legal, unha humillación ou había dúbidas razonables de que puidera pagar?.

(8) VIADER SERRA, José. "Santa Clara de Santiago en los siglos XIV-XV". En: *Liceo Franciscano, 2^a época, año XXIX, Enero-Diciembre 1976, núms 85-86-87. Santiago de Compostela, la ciudad, las instituciones, el hombre*. Santiago, Colegio Franciscano, p. 76.

(9) Murguía chamaa *Dª María Pardo Figueroa (Historia de Galicia)*. Bilbao, Ed. La Gran Enciclopedia Vasca, 1978, v. II, p. 1170). Mesmo parece que a atopamos tamén como *Maria de las Mariñas*, pero é un erro sobre outro erro, porque primeiro confúndese a F. P. "o boo" con F. P. "o mozo" e despois dise que a súa muller é *Dª María de las Mariñas*, cando o é realmente de Diego de Andrade. CASTRO, Fray Jacobo de. *Primera parte de el arbol cronológico de la Santa provincia de Santiago ... Salamanca, 1722*, p. 165.

(10) Santa Clara de Asís (1194-1253) foi a nai espiritual da Orde fundada por San Francisco. A súa Orde comenza no 1212 cando vestiu un hábito semellante ó dos frares menores e pronunciou os tres votos.




Fig. 4.- Sepulcro de Aras Pardo (o fillo) na igrexa de San Francisco de Betanzos.

parece indicar un progresivo desinterés dos mariñáns por deixar alí as súas rapazas, cousa que quizais tivo que ver cos pleitos habidos co mosteiro (11).

No testamento de Aras Pardo, o pai (12), Sancha aparece de xeito relevante:

Item mando a mja ffilla Sancha Rodriguez aquella mja cassa fforte de Uerjns [Veríns] con os coutos de Uerjns et de Mjnofferral [Muniferral] et de Feaes [Feás], quaeas aia para sempre. Et se o Arcidiago de Trastamar seu tio quisser quitar o que lle eu dou (?) por la dita cassa et coutos senon mando que o paguen a dita Sancha Rodriguez et aia a dita cassa et coutos para sempre. A qual cassa et coutos eu confeso a Deus et a aquel lugar hu aio dyr queo non vendy ao dito Arcidiago a como quer que el tena carta por quella eu vendy et quando fige a dita carta de venda

ao dito Arcidiago quella non fige senon por en cuberta de nosso señor el Rey et dos outros señores et sabede o dito Arcidiago que he asy.

Item mando a adita mja filla Sancha Rodriguez se o dito Arcidiago lle non quiser quitar o que meteu na torre que fezo e na dita cassa fforte et dello quiser tomar cobiça que ella que lle page o que el meteu en ffazer a dita torre et que aia a dita cassa et coutos para sempre.

Vemos a Sancha co seu home noutro documento, polo que o abade de Monfero lles afora varios casares (24-IX-1362):

... damos et outorgamos a uos ffernan perez dandrade escudeyro fillo de Ruy ffreira dandrade que fiquo et auossa moller sancha rrodiguez por en todas uossas uidas et do pos-

(11) É o caso do pleito habido entre os familiares (*Sancha Palmeira uesinna de Betanzos*) de Marina Palmeira e o mosteiro de Santa Clara. Véxase LÓPEZ, Fr. Atanasio, "Sentencia dictada por Domingo Rodríguez, alcalde de Betanzos, a favor de las monjas de Santa Clara de Santiago, sobre los bienes que les había legado Marina Palmeira". En: BRAIG, Colección de Documentos Históricos, t. II, La Coruña, 1931, pp. 191-193.

(12) MARTINEZ SALAZAR, Andrés. *Documentos gallegos ... Op. cit.*, pp. 118-119.

*tremeyro de uos et como uagar dun que fi-
quen no outro ... Et se por uentura uos ffer-
nan perez uos departiredes por sancta iglesia
ou por outra razon algua da dita sancha rro-
dríguez que os ditos cassares e a dita casa
que seian da dita sancha rrodríguez e que as
teña e huse por toda sua uida (13).*

Nun tono semellante, no mesmo 1362 o mosteiro de Monfero, en dous documentos, volve aforar ó matrimonio... *la encomienda de los cotos de la referida casa religiosa, y después, la encomienda de la misma, que es la de todos sus cotos, como solía llevarla Aras Pardo en nombre del abad y monjes* (14).

Fernán Pérez de Andrade e Sancha Rodríguez tiveron ademais un fillo, couxa que se sabe con toda seguridade, porque nunha concordia do 20-V-1368 entre *don Francisco*, Bispo de Mondoñedo, e *Fernán Pérez d-Andrade*, éste refírese a *Sancha Rodrigues* como á súa *moller* e tamén ó seu *fillo erdeiro*:

*... todalas terras et coutos et erdades et Iglesias que o dito Senor Bispo et sua Iglesia de-
ren et outorgaren a min et a Sancha
Rodrígues, minna moller ... As quaes condiçoes et qualquer d-elas eu et a dita minna
moller outorgamos por nos et por noso fillo
erdeiro que nomearmos en noso testamento,
a quem mandamos que garde as ditas condiçoes et cada huna d-ellas su pena de nosa
maldición.
... mandeya seellar dos seelos meu et da dita
Sancha Rodríguez, minna moller ... (15).*

Nembargantes ese fillo debeu morrer antes que o pai, porque é sabido que o herdeiro de Fernán Pérez será o seu sobriño (fillo do seu irmán maior, *Johan Freyre de Andrade*), *Pedro Fernández de Andrade* (16).

Vaamonde Lores dinos:

"Consta igualmente por tres escrituras distintas otorgadas en 1370, que Fernán Pérez de Andrade y D^a. Sancha Rodríguez, su mujer, dieron al monasterio expresado, las haciendas que tenían en la granja de Santa Marta y el coto de San Tirso de Ambroa con su jurisdicción; que el abad tomó posesión de tales bienes y celebraba audiencia pública en el mencionado coto; y que D^a. Sancha Rodríguez, aprobó la donación que de aquellas propiedades había hecho su marido Fernán Pérez de Andrade en favor del abad, mandando a sus caseros y vasallos acudieran a éste con las rentas y lo tuvieran por señor" (17).

Por outro documento a que se refire Vaamonde Lores, aparece por derradeira vez Sancha Rodríguez no 1373. Dinos o autor:

"Otra escritura que nosotros poseemos nos informa que en 21 de Marzo de 1373, los propios Fernán Pérez de Andrade y Sancha Rodríguez, su mujer, hacen donación al repetido monasterio de Monfero, de extensas haciendas en la comarca de Ortigueira y fundan con ellas la granja llamada de Saa. Entre las cargas que se imponen en la fundación, figura una misa diaria perpe-

(13) VAAMONDE LORES, César. "Quien es el Aras Pardo ...", *Op.cit.*, p. 333.

(14) VAAMONDE LORES, César, "Quien es el Aras Pardo ..." *Op. cit.*, p. 334.

(15) CAL PARDO, Enrique. "Concordia entre don Francisco, Obispo de Mondoñedo, y Fernán Pérez de Andrade para que éste no defienda los clérigos de Trasancos contra el Obispo". *Op. cit.*, pp. 259-260.

(16) VAAMONDE LORES, César. *Ferrol y Puentedeume: escrituras referentes á propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV, precedidas de una breve reseña histórica de las granjas de Brión, Prioiro y Noguerosa*. Coruña, Tipografía y Papelería de F. García Ybarra, 1909, p. 86.

(17) VAAMONDE LORES, César, "Quien es el Aras Pardo ..." *Op. cit.*, p. 334.

tuamente, por el ánima de los donantes y por la del rey D. Enrique" (18).

Chegados a este punto, só queda facer unha reflexión sobre a importancia do papel de Sancha Rodríguez ó lado do seu esposo, en tono de igualdade nos documentos, cousa que non só deriva da importancia da cuna da que procede, senón tamén dunha concepción medieval (de orixe xermánica) da familia como estrutura básica da sociedade. Este tipo de familia descansaba máis sobre a idea da solidaridade que se derivaba dos lazos de sangue que sobre a autoridade incontestable do pai (*pater familias*) como ocorria en Roma (19). Coa progresiva reimplantación do dereito romano no Renacemento, a idea da familia cambiará e a muller pasará a estar máis sometida, tanto a seus pais como ó esposo a tódolos niveis: sociais, económicos, políticos, etc.

A morte

Sabemos, pois, que Sancha aínda vivía o 21 de marzo de 1373, pero non cando morreu, aínda que pode supoñerse que

foi por eses anos, a mediados ou na segunda metade da década dos 70. Tam pouco se coñece o momento exacto no que Fernán Pérez de Andrade volveu casar, esta vez con *Constanza de Moscoso*, quen aparece documentalmente o 24-V-1391 (v. nota 2).

En canto ó seu sepulcro, pode dicirse con seguridade que estivo no lado da epístola, dentro do ábside de San Francisco de Betanzos. Na *Chorónica de la Provincia Sancta de Santiago* (20), de comenzaos do s. XVII, do P. Gaspar Martínez, aparece o seguinte:

En el año del Señor, de 1289 [(21)], dice la Crónica latina [GONZAGA, *De origine, III pars, Prov. sti. Iacobi, conv. XII*, p. 746.] que uno de los santos compañeros y discípulos de nuestro seráfico padre san Francisco fundó un convento de nuestra seráfica orden en esta ciudad de Betanzos. El lugar adonde el dicho convento fue fundado no se sabe, ni el nombre del religioso que le fundó, aunque se tiene por cosa cierta que se fundó en el dicho año, y que por ser el dicho convento poco acomodado para la habitación de los religiosos, el ilustrísimo caballero don Fernán Pérez de Andrade, del cual descienden [non directamente senón por vía agnática] los condes de Andra-

(18) VAAMONDE LORES, César, "Quien es el Aras Pardo ..." *Op. cit.*, p. 334.

"Día quatro de Octubre ... Se ha de decir perpetuamente cada dia una misa por las animas de Fernan Perez de Andrade, y Sancha R^a su muger, y por el Rey D. Enrrique, porque dieron á este Mrio. la Granja de Sáa en el Condado de Sta. Mta." Cita tomada do manuscrito do Arquivo Municipal de Betanzos: *Fundación del Imperial Monasterio de Monfero*..., pp. 49-50.

(19) Hai numerosos estudos que demostran como a participación da muller en Occidente, xunto ó seu esposo, en compras, vendas, arrendamentos, etc., é moi alta na plena Idade Media. Así, por exemplo en Picardía, no 83% dos actos rexistrados aparecen parellas casadas ou individuos acompañados dos seus fillos. E en Cataluña isto dase no 88% dos casos. FOISSIER, R. "La terre et les hommes en Picardie jusqu'à la fin du XIII^e siècle". Paris-Louvain, 1968, pp. 265-266, 271-272. BONNASSIE, Pierre, *La Catalogne du milieu du X^e à la fin du XI^e siècle. Croissances et mutations d'une société*. Toulouse, 1975. Estas referencias tomámos-las de PERNOD, Régine. *La mujer en el tiempo de las catedrales*. Barcelona, Granica, 1987, p. 99.

(20) Don Francisco Vales atribúe esta crónica ó P. Gaspar MARTÍNEZ e citaa como *Chorónica de la Provincia Sancta de Santiago*. Véxase VALES VILLAMARIN, Francisco. "Contribución a la Historia de Betanzos: el sepulcro de Andrade "o boo"". En: *Anuario Brigantino* 1949. Unha edición más moderna vémona na *Crónica de la Provincia Franciscana de Santiago, 1214-1614: Por un franciscano anónimo del siglo XVII. Introducción, rectificaciones y notas*, por Manuel de Castro, O. F. M. Madrid, Archivo Ibero Americano, 1971.

(21) O mosteiro de S. Francisco aparece xa no testamento de Mayor Rodríguez de 1323 (v. nota 5), cando ésta lle deixa 300 maravedís, pero engadindo: *que le paguen a manda de meu pai*. Isto quere dicir que o mosteiro existía xa a finais do s. XIII e confirma como moi probable a data de fundación que da a *Crónica*.




Fig. 5.- León-soporte dun sepulcro, procedente da igrexa de San Francisco de Betanzos. Retirouse do xardín. Hoxe está no Museo das Mariñas

de y los demás caballeros deste apellido, le hizo fundar, con los edificios que hoy tiene, en el año del Señor de 1387, y después de su muerte se enterró con su mujer en la Capilla Mayor del convento, en los sepulcros que en ella están.

Esta noticia está reafirmada así mesmo na *Historia de Betanzos* do Cardeal Jerónimo del Hoyo, de 1607 (v. nota 6) e copiada tamén Verín (22):

En esta ciudad hay un monasterio de San Francisco que fundó Fernan Perez de Andrade año de 1387. Está sepultado en el lado del evangelio y su muger al lado de la epístola ...

Murguía, pola súa banda, cambia as ubicacións dos sepulcros, sen que se puidá saber de onde sacou a noticia (proba-

blemente trabucou o que dixo Jerónimo del Hoyo), ademais de referirse a Sancha Rodríguez como *María Pardo de Figueroa* (23):

Estaba antes al lado de la epístola, y en el del evangelio el de su esposa D^a María Pardo de Figueroa.

Por todo o dito, parece claro que o sepulcro de Sancha Rodríguez estivo polo menos ata o s. XVII (e probablemente ata o XVIII) na capela maior de San Francisco, pero ¿ónde está agora?, ¿cómo desapareceu da igrexa? A posible resposta foise iluminando pouco a pouco ó tempo que se traballaba na instalación do Museo das Mariñas. De feito, algúns elementos estiveron á vista de todos desde hai tempo, pero o difícil era xuntalos físicamente e mesmo mentalmente.

(22) VERÍN Y GONZÁLEZ DE HEVIA, Manuel Antonio de. *Historia de la fundacion de la Ciudad de Betanzos antigua y Moderna con varias Notas y adiciones de las Personas Ylustres y Nobles con que fue condedorada, Privilegios Reales y otras Fundaciones piás que en ella se Notan, Capillas, Hospitalares, etc.* Manuscrito do Arquivo Municipal de Betanzos, datado o 3-VI-1812, p. 29.

(23) MURGUÍA, Manuel. *Historia de Galicia*. Bilbao, Ed. La Gran Enciclopedia Vasca, 1978, v. II, p. 1170.



Fig. 6.- León-soporte dun sepulcro, evidentemente compaño do representado na fig. 5. Retirouse do basamento dunha casa da Rúa de Lanzós (Betanzos) para o Museo das Mariñas.

O sepulcro

Os leóns-soportes

Primeiro apareceu no xardín da igrexa de San Francisco un león monumental (42 cm. desde a superficie superior de soporte ata a liña de terra, sen contar os 18 cm. que irían enterrados) que correspondía ó derecho, visto de frente, e levouse para o nacente Museo das Mariñas (ano 1983). Máis tarde (xullo de 1985) sacouse o león compaño do basamento dunha casa da Rúa de Lanzós e tamén se levou para o Museo.

Que eses leóns pertencían a un sepulcro non admite dúbida algunha, pero o verdadeiramente extraño eran as súas dimensións, que a penas teñen paralelo nos demais leóns-soportes dos sepulcros de Betanzos nin tampouco nos do resto de

Galicia (24). Consecuentemente, co sarcófago e lauda sepulcral enriba, difícilmente podería encaixar o conxunto en ningún dos arcosolios da igrexa e non parece lóxico que algo desas dimensións fora feito para estar nos brazos do cruceiro nin nos corredores do vello mosteiro, hoxe desaparecido.

A única referencia próxima en canto ás dimensións está no sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, por máis que aquí os leóns se trocasen en oso e xabarín. Con isto e coas noticias bibliográficas que nos falan do sepulcro de Sancha Rodríguez xunto ó do seu home, non cabe pois, de momento, outra conclusión que a de que eses leóns pertenzan ó sepulcro de Sancha Rodríguez. Aínda máis, como queira que esta muller morreu antes que Andrade, cabe engadir o seguinte:

(24) En xeral de menor altura, podemos sinalar en Galicia como semellantes (dentro do s. XIV e comenzaos do XV), os leóns do sepulcro de Fernán Ares Noguerol (1378, Vilar de Donas, Chantada, Lugo) e os dun cabaleiro, con armadura moi semellante á de Fernán Pérez, en Santo Domingo de Bonaval de Santiago. CHAMOSO LAMAS, Manuel. *Escultura funeraria en Galicia*. Orense, Instituto de Estudios Orensanos Pade Feijoo de la Diputación Provincial, 1979, pp. 324, 326, 604.

a) Os leóns defensores dun recinto sagrado, son ancestrais como tema e aparecen frecuentemente no románico, nas entradas das portas das igrexas e sostenendo infinitade de sepulcros en todo o Occidente baixomedieval, pero a monumentalidade que atopamos aquí é un indicativo da importancia social que tiña ou se lle quería dar á persoa finada: no caso de Sancha, tamén, polo feito de ser a muller de quen era. Probablemente foi daquela (mediados ou segunda metade dos anos 70) cando Andrade empezou a facer proxectos a partir das ideas que xa tiña formadas polos seus contactos con Castela, Aragón, Francia e Portugal (25). Como se dun rei se tratase, quixo enterrarse coa súa muller na parte máis importante da igrexa, a que quizais daquela decidiu refacer, sobre todo nese lugar que corresponde á capela maior e ó crucero onde todo un programa iconográfico se poñería ó servicio das súas pretensiones autoglificadoras. Era parte do ritual dos grandes homes da época e el, que chegara moi alto, non estaba disposto a deixar dúbidas diso para a posteridade.

b) Así, morta a súa muller e feito o seu sepulcro coa clara idea de monumentalidade (tanto no sarcófago como nos leóns-sopores que o elevarían considerablemente), empezaría Andrade a pensar no seu propio cenotafio. Para construílo é moi probable que contase tamén con outras referencias no sepulcro dun irmán seu. Pensei nun primeiro momento que

quizais podía ser Lopo Núñez, pero agora paréceme más probable que sexa Nuño Freire, Mestre de Christus, que hoxe se atopa no Museo das Mariñas. Se isto é certo, Fernán Pérez non copiaría del nin o bonete con que cubre a cabeza nin a roupa talar, pero sí a simbólica posición das mans (específica na Galicia do momento só para Fernán Pérez e os seus irmáns), a disposición e forma da espada e mesmo, nesta, o pomo co selo de Salomón. Con todo isto, comprenderíamos mellor as razóns de por que Fernán Pérez fixo labrar o seu sepulcro en vida e mesmo algo más das súas ligazóns espirituais con Portugal de onde tomaría diversas referencias para o seu sepulcro (particularmente os temas de caza e os anxos intercesores), como xa se ten estudiado (26).

O sarcófago

Cando no 1985 se iniciaron as obras de rehabilitación do antigo mosteiro de Santo Domingo de Betanzos, onde se reinstalaría o Museo das Mariñas, podía verse no lugar onde estiveran os cabalos da Garda Civil a bacía na que bebían. Tratábase dun sarcófago baixomedieval, sen ningunha dúbida, e, desde logo, non podía ser orixinario do mosteiro no que estaba, pola sinxela razón de que éste databa do s. XVII. En principio, o más lóxico era pensar que procedera de San Francisco, quizais do antigo mosteiro destruído nos anos 70 do s. XIX (logo do estado ruinoso en que foi quedando de-

(25) COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio. *Historia de Puentedeume y su comarca*. Puentedeume, Imp. Vda. Miguel López Torre, 1971, 113 e ss.

(26) CAAMAÑO MARTÍNEZ. *Contribución al estudio del gótico en Galicia (Diócesis de Santiago)*. Universidad de Valladolid, 1962, pp. 133 e ss.

NÚÑEZ RODRÍGUEZ, Manuel. "El sepulcro de Fernán Pérez de Andrade en San Francisco de Betanzos como expresión de una individualidad y una época". En: *Bracara Augusta*, vol. XXXV, fasc. 79, 1981.

SÁNCHEZ AMEIJERAS, Rocío. "Circulación de modelos y talleres itinerantes: el papel de artistas y comitentes en la evolución tipológica de la escultura funeraria en la Galicia medieval". En: *Actas del VI Congreso Español de Historia del Arte, "Los Caminos y el Arte"*. Santiago de Compostela, 1989.

MANSO PORTO, Carmen. "Reflexiones sobre la caza nobiliaria en la Baja Edad Media y su proyección en Galicia". En: *Anuario Brigantino* 1985, nº 8. Betanzos, Concello, 1986.



Fig. 7.- Reconstrucción parcial do probable sepulcro de Sancha Rodríguez. Museo das Mariñas.

bido á desamortización) para facer unha rúa que comunicase a de S. Francisco coa da Ribeira, dentro da febre dos "ensanches" e do "progreso" (27). Pero resultou sorprendente escoitar a algúnsa persoa dicir que era da muller de Andrade. Ata que punto isto era tradición ou simplemente resultado de repetir a ocorrência dun iluminado, era a cuestión que había que resolver.

Este sarcófago, de 223 cm. de longo, 62 de ancho na cabeceira (40-43 interiormente) e 55 cm. nos pés (35-38 interiormente) presenta no frente oito arcos góticos trebolados, outros tantos escudos (cunha peza de sostén picuda na barba cada un deles), o mesmo número que vemos no de Aras Pardo en Monfero (fig. 3), no do seu fillo, tamén Aras Pardo, en Betanzos (fig. 4), ou no dunha muller da familia dos Ulloa, en Sobrado (fig. 11). Como nestes, o tema heráldico é o mesmo en tódolos escudos (28). É importante suliñar que tamén ten sendos escudos nas cabezas, o que quere dicir que o sepulcro non estivo concebido para ir nun arcosolio, senón exento. E, cos datos con que contamos, só coñecemos exentos en Betanzos o sepulcro de Fernán Pérez e, por referencias, o da súa dona, Sancha Rodríguez. A instalación no Museo das Mariñas dos leóns e sarcófago descritos, afianza a hipótese de que estemos a falar do sepulcro ou cenotafio desta muller.

O escudo

O deterioro do sarcófago débese, sen dúbida, ós cascos dos cabalos que nel be-




Fig. 8.- Unha versión das armas dos Alfonso, segundo Crespo del Pozo.

beron durante anos, o que fixo que se destruira a capa externa das armas heráldicas alí representadas. Faltan, por conseguinte, os detalles, pero iso non impide que se vexa con claridade nos oito escudos do frente e nos dous do testeiro e dos pés, un león rampante cun cachorro, mirando os dous á dereita (esquerda do espectador), que ocupan todo o campo. O león grande toca ó pequeno nunha actitude protectora. Non atopamos escudos semellantes na cidade e arredores de Betanzos, áinda que si no Concello de Cambre, segundo un apunte que xentilmente me ensinou Don Xosé Antón García. O que hai, de momento, son referencias bibliográficas que teñen interés, por encaixar familiarmente na hipótese que aquí se desenvolla. É o caso, por exemplo, da obra de Crespo del Pozo.

(27) ERIAS MARTINEZ, Alfredo. "O fenómeno dos ensanches na cidade de Betanzos". En: *El Ideal Gallego*, 11 e 12 de novembro de 1982.

(28) "La escultura funeraria, de carácter local, estuvo muy apegada al románico y fue muy sensible, por este localismo, a la influencia mudéjar ... y aun en las obras góticas esta influencia se refleja en la afición a un mismo motivo, generalmente heráldico, repetido rítmicamente. MARQUES DE LOZOYA y L. F. DE PEÑASOLA. *El Arte Gótico en España*. Colecc. *Pro Ecclesia et Patria*, vol. IV. Barcelona, 1935, p. 86. Tomado de VALES VILLAMARÍN, Francisco. "La tumba de Aras Pardo en el templo monasterial de Monfero". En: *La Coruña, Paraíso del Turismo*, 1971.

Alí, no apelido "Alfonso-3" (29) vemos un escudo que trae no seu campo unha única figura: un león rampante en posición correspondente ás leis heráldicas, isto é, mirando á esquerda do espectador. Pode se-lo que buscaba, posto que non hai que esquencer que Sancha Rodríguez é filla de Tareya Afonso. En canto ó leonciño, puidera tratarse dun engadido persoalizador (unha brisura ou precedente) que se referiría quizais a ese seu *fillo erdeiro*, probablemente para daquelle xa morto.

Por outra parte, a imaxe do león rampante non molestaría a Andrade en absoluto, entre outras razóns, porque se parece demasiado ós leóns dos privilexios reais e das bandeiras do rei de Castela e León que el defendeu.

Pero áinda se poden sinalar outras referencias a esas armas heráldicas en Galicia, concretamente nos sepulcros de Fernán Díaz de Ribadeneira (Santo Domingo, Lugo), finado aprox. no 1450, se ben non se sabe se é "o bello" ou o neto (éste fixo testamento no 1461), e no de Pedro Fernández Bolaño (S. Francisco, Lugo), merino maior do Duque de Arjona. No primeiro hai un escudo con *filiera* que trae no seu campo un león rampante *contornado*, é dicir, que mira á dereita do espectador, enchendo o campo. Para Chamoso é o león dos Enríquez (Chamoso, 262). No caso de Don Pedro Fernández Bolaño, a única diferencia está en que o león mira á súa dereita (esquerda do espectador como en Betanzos) e Chamoso, neste caso (Chamoso, 259), non se pronuncia por unha linaxe e quedase na mera descripción. Pola súa banda, o profesor Núñez Rodríguez fala




Fig. 9.- Un dos escudos do sarcófago coas armas dos Alfonso.

sen máis do "león rampante de los Balboa" (30).

O caso é que nestas referencias non aparecen nin os Enríquez nin os Balboa, pero si hai indicios (nestes sepulcros e nos do seu entorno) que nos poderían levar ós Alfonso (=Afonso, Alonso): a) o irmá de Don Pedro Fernández Bolaño chámase Rodrigo A[fonso] de Saavedra (Núñez, 138-140); b) o escudeiro Fernán Díaz de Ribadeneira "o bello" era tío de Nuño Freire de Andrade (Núñez, 130) ou, noutras referencias ("A. L. F.", La torre de la Barreira", en: *Galicia Histórica*, Santiago, Tipografía Galaica, 1901, t. I, p. 38), sobriño do propio Fernán Pérez; c) a coincidencia de que en S. Francisco de Lugo estea enterrado o Conde Don

(29) CRESPO DEL POZO, O. M. *Blasones y Linajes de Galicia*. Bilbao, La Gran Enciclopedia Vasca, 1982, vol I (*Historia de Galicia*, vol. XIX).

(30) NUÑEZ RODRIGUEZ, Manuel. *La idea de inmortalidad en la escultura gallega: la imaginería funeraria del caballero, s. XIV-XV*. Ourense, Diputación Provincial, 1985. pp.129-137. Cando di este autor que Fernán Díaz de Ribadeneira é tío de Nuño Freire de Andrade ("o mao") probablemente toma como base a LÓPEZ FERREIRO, *Op. cit.*, t. VII, 1905, p. 23 e éste a Vasco de APONTE, *Op. cit.*, p. 124.




Fig. 10.- *Lauda sepulcral, dada a volta e moi mutilada, que se atopa na igrexa de San Francisco de Betanzos e que pode se-la que corresponde ó sepulcro de Sancha Rodríguez.*



Fig. 11.- *Sepulcro dunha muller de Sobrado da familia dos Ulloa, no que se ve unha dependencia estilística evidente co de Aras Pardo (Monfero) e, probablemente, co da filla deste.*

Pedro Enríquez de Castro, que era nada menos que neto de Alfonso XI; d) o fillo deste Conde (Don Fadrique, Duque de Arjona) tivo un fillo bastardo (Alonso de Castro) con Dona Aldonza Alfonso (Núñez, 133, 137); ...

É de esperar que ulteriores investigacións aclararán este problema, pero, de

momento, parece más que probable que ese escudo pertenza ós Alfonso.

A imaxe xacente: os inicios dunha moda en Galicia

Na capela absidal do evanxeo da igrexa de San Francisco de Betanzos, enfrente do sepulcro de Aras Pardo, hai un ar-




Fig. 12.- Un dos tres sepulcros femininos que se atopan na capela maior de Santo Domingo de Bonaval en Santiago. Creo, como xa dixo López Ferreiro (*Op. cit. nota 1, t. VII, p. 386*), que se trata da última muller de Fernán Pérez de Andrade, Constanza de Moscoso (en Betanzos non podía estar ó lado do seu home, porque xa estaba Sancha) que debreu morrer arredor do 1420. O escudo central, con banda sen dragantes, é típico de Fernán Pérez e non dos demás da súa familia. Os tres sepulcros son case idénticos, feitos por un taller de gran calidade técnica, ligado á catedral. Probablemente hai aquí un reflexo do sepulcro de Sancha Rodríguez. Como en Sobrado, repite o modelo dos cans (gulas na escuridade da morte) que rodean o brial nos pés.
Estes tres sepulcros son as mellores representacións que chegaron a nós dunha moda no vestir que se constata en Galicia nas últimas décadas do s. XIV e na maior parte do XV.

cosolio no que se atopa a parte frontal dun sepulcro, que non interesa aquí, e enriba unha lauda dada a volta, que é o elemento que faltaba.

¿Que vemos nesa lauda? Pois a maior parte do canto que orixinariamente iría contra a parede, posto que non ten ningunha inscrición e conserva nem bargantes a pátina primitiva. Faltan os pés e a cabeza, e, ademais, foi brutalmente cortada pola metade para que asentase, de tal xeito que nunca poderemos ver completa esta imaxe por máis que se lle dea a volta.

Con todo, pódese ve-lo suficiente como para reconstruir aproximadamente o que falta. Por de pronto, estamos diante dun exemplo da moda feminina

galega que xa coñecemos, caracterizada por un manto de tres cuartos, un brial, un collar longo e, en ocasións, un rollo de bandas de tea na cabeza (31).

Distinguense ben o brial e o manto, que teñen os pregos de sección triangular, semellantes ós da Raíña DONA IOANA DE CASTRO (catedral de Santiago), esposa de Pedro I de Castela, e morta no 1374.

En canto á cabeza, descansa sobre dous almofadóns, un visible e outro que supoño. Probablemente levaría un rollo de bandas na cabeza moi semellante ó de Inés de Moscoso (Chamoso, 608-9) en Santo Domingo de Bonaval, que debuxo (fig. 13) e ó da muller de Santo Domingo de Tui (fig. 14). Isto debe ser así porque

(31) ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (I): Sete mulleres con rollo". En: *Anuario Brigantino* 1987, nº 10. Betanzos, Concello, 1988, pp. 93 ss.

Fig. 13.- Inés de Moscoso (lauda en Santo Domingo de Bonaval de Santiago). Na cabeza leva un rollo de bandas tipolóxicamente inicial, adornado por flores de 8 pétalos (ou quizais unha crucifera, cáliz más corola), número que simboliza a resurrección.






Fig. 14.- Muller de Tui. Mosteiro de Santo Domingo.



Fig. 15.- Detalle da muller de Tui. Non é seguro que se trate de Inés Álvarez como se ten dito. En principio, tanto podería ser das últimas décadas do s. XIV como das primeiras do XV. O que si se pode decir é que presenta un rollo tipolóxicamente inicial, en todo semellante ó de Inés de Moscoso, pero coa diferencia de que presenta xa un maior volume, co aumento do número de bandas de 2 a 4, considerando como tal tamén a superior con adorno de flores de 8 pétalos. Isto non quere dicir que a de Tui sexa necesariamente más tardía, senón que é evolutivamente posterior neste aspecto, se consideramos a tendencia xeral na longa duración que chega a exemplares moi grandes na segunda metade do s. XV (Clara Sánchez de Betanzos e a muller de Fisterra). Pero quizais o más importante de Inés de Moscoso e desta muller de Tui está no realismo con que se representa esta prenda, o que nos permite entendela mellor allí onde aparece más esquemática e mesmo estilizada.

explicaría magníficamente o desenrollo desta moda en Galicia: Sancha Rodríguez podería ser perfectamente, polo tanto, a referencia esencial para moitos sepulcros femininos de finais do s. XIV e boa parte do XV, do mesmo xe-

to que o seu pai, o seu home e o seu irmán o foron para outros de cabaleiros armados (32).

Sería ademais neste sepulcro, antes que no de Andrade, onde se introducirían os anxos intercesores (turiferarios, lecto-

(32) SÁNCHEZ AMEJERAS, Rocío. "Circulación de modelos ..." *Op. cit.*, pp. 233-239.

MANSO PORTO, Carmen. "El convento de Santo Domingo de Ortigueira". En: *Anuario Brigantino* 1989, nº 12, Betanzos, Concello, 1990, pp. 209 ss. Móstranse aquí os restos dunha lauda sepulcral moi semellante ás de Fernán Pérez e Juan Freire e sinala tamén a similitude con éstas dos sepulcros de Fernán Cao de Cordido *el Viejo* en Santo Domingo de Santiago (onde hay tres mulleres do mesmo tipo que a que estudiamos agora en Betanzos) e dun cabaleiro de Santo Domingo de Ribadavia. Tamén, en Ortigueira, atopou as grebas e escarpíns con espuelas sobre lebrel deitado doutro sepulcro semellante.

res) en Galicia, quizais por referencia ós sepulcros da Raíña Santa e da Infanta Dona Isabel en Santa Clara de Coimbra, tal como nos di Sánchez Ameijeiras (v. nota 32). Sería lóxico, posto que é xeralmente recoñecida a influencia portuguesa no sepulcro de Andrade. Pero quizais se deba ter tamén en conta, no que se refire á moda no vestir, que hai modelos moi semellantes noutras lugares da Península, particularmente en Castela (sobre todo na Corte de Pedro I e, máis tarde, na de Enrique II) e mesmo en Cataluña.

Da moda cortesana do Rei Pedro I temos a Raíña *Ioana de Castro* (+1374), á que xa me referín, e da que sen dúbida tivo influencia na orixe da moda feminina que coñecemos en Galicia. O seu sepulcro da catedral de Santiago debeu impresionar moito a Andrade e resulta moi probable que o taller que o labrou fose o mesmo que fixo o de Sancha Rodríguez (33). Nembargantes, unha cousa está clara: o modelo definitivo que deu orixe á expansión da moda en Galicia, non é o da Raíña *Ioana de Castro*, posto que as imaxes serán tan semellantes unhas a outras durante tanto tempo que non hai máis remedio que pensar nunha primeira que tería o impacto social requerido para que se producira este fenómeno: Sancha Rodríguez podería ser ese modelo, morta nun momento no que o seu home ten un gran poder e prestixio en Galicia, probablemente mentres aínda é rei Enrique II (será ata 1379).

Unha referencia moi interesante para a construción definitiva do modelo en que se constituiría o sepulcro de Sancha Rodríguez puido vir da Corte do propio

(33) Curiosamente SÁNCHEZ AMEIJERAS ("Circulación de modelos ..." *Op. cit.*) fala do traslado do taller compostelano, o mesmo que traballou no sepulcro de Juana de Castro, a Betanzos cara a 1400 para labrar o sepulcro de Aras Pardo. Pero no noso caso, xa o atopariamos aquí moito antes.




Fig. 16.- Reconstrucción dunha lauda sepulcral atopada nas excavacións do solar da antiga igrexa de S. Francisco da Coruña, dirixidas por D. Xoán Vázquez Gómez no 1991. Pode lerse: [AQI] : JAZ MARIA SOCARE[...].

Similar técnicamente ás demais da Coruña (e, polo tanto, no mesmo arco cronolóxico), distínguese delas na ausencia de "hornacina" e no feito de utilizar un almofadón. Isto pode deberse a unha maior dependencia formal con xacentes betanceiros, pero difícilmente permite sacar conclusións precisas en canto á cronoloxía.



Fig. 17.- A Señora de Queralt (Tarragona), arredor de 1370. Foto tomada de Contreras (nota 35).




Fig. 18.- A Raíña Dona Juana Manuel (+1381) na catedral de Toledo. Foto tomada de Arco (nota 34).




Fig. 19.- A Raíña Dona Catalina de Lancaster (+1418) en Toledo. Foto tomada de Arco (nota 34).

Enrique II. Non hai máis que ver o sepulcro da súa muller, a Raíña Dona Juana Manuel (+1381), ou o da Raíña (esposa de Enrique III) Dona Catalina de Lancaster (+1406), para darse conta de que a moda que coñecemos en Galicia estaba tamén na Corte. É posible que Dona Juana Manuel (fig. 18) morrera despois que

Sancha e mesmo hai que dicir que o seu sepulcro foi feito en tempos de Juan I (1379-1390) polo mestre Enrique (34), pero nesa muller hai suficientes elementos como para pensar que na Corte (en vida dela) a moda, por outra parte moi conservadora, estaba afianzada. E, de xeito semellante, continuará na súa su-

(34) ARCO, Ricardo del. *Sepulcros de la Casa Real de Castilla*. Madrid, CSIC, Instituto Jerónimo Zurita, 1954. Na páxina 106 di, referíndose á "Capilla de los Reyes Nuevos" da catedral de Toledo: *Las estatuas yacentes son las primitivas, obras del ... maestre Enrique, "que faze las imágenes para el monumento del rey nuestro padre, que Dios perdone", decía Juan I en documento que cita Ceán Bermúdez. Bultos de traza rígida que resaltan entre los brillantes grutescos [alude á capela na que agora está e que data de 1531-1534]"*.




Fig. 20.- Vista da capela maior de San Francisco de Betanzos a comezos de século co retablo de Ferreiro, que implicou no seu momento (s. XVIII) que se trasladase dalfº o sepulcro de Andrade e quizais tamén (se non ocurriu antes) o de Sancha Rodríguez. Este retablo, e tantas outras cousas, desaparecerán na queima da igrexa do 22 de xullo de 1936.




Fig. 21.- Reconstrucción hipotética do sepulcro de Sancha Rodríguez, coa lauda na posición orixinal, cando estaba no lado do evanxo.

cesora (fig. 19): capa ou manto en tres cuartos (con abertura lateral) e colo alto, collar de contas (inequívocamente e non rosario como ás veces se ten dito), brial...

Outras referencias utilizadas para a construcción do sepulcro de Sancha puideron vir de Cataluña, tal como da a entender o sepulcro da Señora de Queralt (fig. 17) na igrexa de Santa María de Bellloc, en Santa Coloma de Queralt, Tarragona, labrado arredor de 1370 polos escultores Pedro Aguilar, de Lérida, e Pedro Cirrol, da mesma Santa Coloma (35). Na cabeza parece ter un rollo inicial, parecido ó que vemos en Inés de Moscoso de Santo Domingo de Bonaval

en Santiago e na muller de Tui, aínda que más rico na labra; o longo collar que antes de caer se enrosca no pescozo; manto ou capa, más longa que a de tres cuartos; brial, ... Vemos nela unha postura de mans cruzadas (a dereita sobre a esquerda e ámbalas dúas sobre o ventre, que é moi rara en Galicia, pero, iatención!, existe un sepulcro en S. Francisco de Betanzos (podería ser dun médico) que presenta ese mesmo xesto, idéntico tamén a outros cataláns (36). Ademais, o camiño de Santiago foi un vehículo excepcional para a expansión de formas e ideas, aparte das propias viaxes de Andrade durante a guerra civil de Castela (37).

(35) CONTRERAS, Juan de, Marqués de Lozoya. *Historia del Arte Hispánico*. Barcelona, Salvat, 1934, t. II, pp. 220 e ss..

(36) ERIAS MARTINEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (II)". En: Anuario Brigantino 1988, nº 11, pp. 148-162.

(37) Fernán Pérez acompañará ó Rei Pedro I na súa expedición a Aragón no 1364. E xa vímos (nota 6) que, más tarde, xa ó lado de Enrique de Trastamara, albergouno na aínda sen ampliar (se se trata da de Nogueira) "torre de Andrade", facilitoulle a fuxida nun barco e acompañouno desde Ferrol →




Fig. 22.- Reconstrucción hipotética do sepulcro de Sancha Rodríguez no lado da epístola da capela maior, onde se debeu de reubicar ó situarse no do evanxeo o de Fernán Pérez de Andrade.

Todo, pois (leóns, sarcófago, lauda), leva a considerar como o más probable que este sepulcro sexa o de Sancha Rodríguez. Se nos atemos ós documentos de época, somente se vislumbra outra posibilidade de adscripción: a de que corresponda a *Sancha afonso*, muller de Aras Pardo (o fillo), con quen aparece nun documento de 1391 (v. nota 2). A favor ten o escudo, que consideramos dos Alfonso, e a organización do frente do sarcófago, similar á dese Aras Pardo. Nembargantes, non parece admisible que tivese uns leóns-soportes tan monumentais (moito más grandes que os de Aras Pardo). E mesmo se consideramos que os leóns poideron ser do sepulcro de *Sancha Rodríguez* e os demás elementos do desta *Sancha afonso*, ainda nos quedaría o caso raro de que o sarcófago da




Fig. 23.- Ubicación hipotética dos sepulcros de Fernán Pérez ("a", lado do evanxeo) e Sancha Rodríguez ("b", lado da epístola) na capela maior de S. Francisco de Betanzos, tal como os describe Jerónimo del Hoyo a comenzaos do s. XVII. Os das capelas absidais son: "c", Aras Pardo, e "d", Juan Freire.

muller fose considerablemente más grande que o do seu home, posto que o supera en 23 cm. na lonxitude.

→ ata Euskadi e La Rochelle ... Véxase, COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio. *Historia de Puentedeume*. Op. cit., pp. 115 e ss. Para as relacións con Portugal, véxanse máis adiante algúns dos textos que seleccionamos das Crónicas de D. Pedro e D. Fernando, de Fernão LOPES (v. nota 45).




Fig. 24.- Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade.

Se a todo o dito se engade a ausencia case total de datos desta *Sancha afonso*, o feito de non coñecerse ningunha noticia de que tivera sepulcro en S. Francisco, e comparamos, pola contra, o que sabemos de *Sancha Rodríguez* e os elementos sepulcrais que todos encaixan nun gran sepulcro exento, hai que concluir que este é o cenotafio desa muller de Andrade, por máis que, de momento, non se poida eliminar o tono de hipótese.

As desventuras dun sepulcro

Está claro que estamos diante dun sepulcro viaxeiro que, para empezar, plantea o problema da súa ubicación inicial na igrexa (38). A razón está en que mentres que a maioría dos autores antigos nos din que o sepulcro da muller de Andrade estaba no lado da epístola, se se considera que a parte máis ancha corresponde á cabeza, tense que concluír que o sepulcro que pouco a pouco se foi re-

(38) Parte do seguinte suposto: o sepulcro de Andrade estivo no lado do evanxeo, como afirma Jerónimo del Hoyo e a lóxica indica, posto que a súa cabecera presenta o escudo más fermoso (sostido polas figuras da Anunciación, que actúan aquí de tenantes, forzando a súa función esencial), que estaría frente á xente. A mesma posición e ubicación na igrexa (áinda antes de se rematar de reconstruir) debeu ter o sepulcro de Sancha, a menos que se puxera (sempr antes da construción do sepulcro de Andrade) nalgún lugar da primitiva capela maior ou no cruceiro.




Fig. 25.- Sepulcro de Sancha Rodríguez, tal como se vería na capela maior, no lado da epístola.

construindo estivo feito orixinariamente para estar no lado do evanxeo. Isto, en principio, non ten por qué ser un dato negativo na adscripción do sepulcro a Sancha Rodríguez. Porque cando finou, Andrade tardaría uns 20 anos en morrer (cousa que ocurriu no 1397) e, o mesmo feito de volver a casar áinda despois indica que a idea da morte (e as consecuentes consecuencias desde o punto de vista arquitectónico e escultórico para San Francisco) non foi nel algo inmediato.

Cando finou Sancha Rodríguez, sendo unha muller poderosa e máis áinda por se-la esposa de Fernán Pérez, éste mandaría construir para ela un sepulcro

monumental, pero non sabemos cal designou como a súa ubicación na igrexa. En resumo, que o sepulcro de Sancha faríase para estar nun lugar destacado: probablemente xa se pensase na capela maior primitiva e mesmo no lugar do evanxeo sen máis.

O problema viría cando na cabeza de Fernán Pérez se empezou a formar a idea do seu propio cenotafio. Naturalmente el tería que ir no lugar preferente, o do evanxeo, e así foi. O resultado pudo ser que o sepulcro de Sancha se trasladase ó lado da epístola (cos leóns e a cara frontal do sarcófago mirando ó Norte) e a súa lauda cambiaríase de posición para que



Fig. 26.- Igrexa de San Francisco, aínda coa espadaña do s. XVIII. Foto de Avrillón de finais do s. XIX.

os pés quedasen a Oriente como os do seu esposo. Non se perdería nada no cambio como non fose que a posible lenda quedaría daquela contra a parede e a xente vería o que hoxe se ve no resto que queda desa lauda: un canto liso.

Así estaría séculos ata que chegamos ó XVIII. Nel, a moda teatral do barroco impuxo a necesidade de facer un gran retablo adicado a San Francisco e o escultor Ferreiro foi o elixido. Pero para asentalo na capela maior, ademais doutras desfeitas ben visibles hoxe, había que retirar os sepulcros que alí había e así se fixo. Verín na súa *Historia de la fundación de la ciudad de Betanzos...* rematada no 1812 (p. 10) lembra este traslado, aínda que non nos fala do sepulcro de Sancha, quizais por trasladarse antes ou simplemente porque non entraba no discurso principal do noso autor, onde Andrade é o protagonista:

... de los 7 Monasterios fue uno el Convento de San Francisco de esta Ciudad, y en la Iglesia se halla su sepulcro con el oso y Javalí sosteniéndole, y hallándose en la Capilla mayor, aora le baxaron al fondo de la Iglesia en donde se halla.

O de Fernán Pérez levouse, pois, ós pés da igrexa, debaixo da tribuna, e arrimouse á parede norte cerca de onde hoxe está. Situouse curiosamente mantendo a disposición orixinaria, na parede que se aliña co lado do evanxeo.

Pero neste século do retablo de Ferreiro, tamén houbo obras no muro sur da igrexa que afectaron ás capelas da Orden Terceira e da Veracruz, construíndo-se no medio unha espadaña que aínda se conservaba a principios do s. XX. A ese lugar, á capela da Veracruz, más ou menos enfrente do reubicado sepulcro de Andrade, debeuse levar o de Sancha Rodríguez, a xulgar polos comentarios de persoas maiores da cidade que, se ben algúns non se atreven a dicir se o sepulcro que reconstruimos no Museo das Mariñas é ou non o da muller de Andrade, si aseguran que antes estaba nesa capela da Veracruz. Aínda máis, din que cando os franciscanos tiraron esas capelas no 1917 (o que provocaría unha forte campaña de prensa a nivel nacional) para construir un novo convento (que cubría totalmente a parede sur da nave principal da igrexa e que estaría rematado no

1919), as distintas partes do sepulcro quedaron espalladas a carón da fachada, xunto a outras (a lauda sepulcral dun irmán de Fernán Pérez, que aquí referiremos, a dun xurado, parte da dun notario, catro anacos da dun cabaleiro armado...) que ata hai pouco áinda había no xardín desa zona, formado logo da imperativa destrucción do mosteiro de 1919 e a construcción do actual, inaugurado o 9-XI-1955.

Afirmase que no 1937 os obreiros de Luis "O Chotas" que empezaban a reconstruir a igrexa, despois da queima do 22-VII-1936, foron os que levaron o sarcófago para a Garda Civil, isto é, para o mosteiro de Santo Domingo, onde permaneceu ata que se recuperou para o Museo das Mariñas, ubicado no mesmo edificio. Un león quedou no xardín, outro foi utilizado no basamento dunha casa e en canto á lauda, non sabemos cando foi reutilizada (destrozada) como mesa de altar no arcosolio da capela abacial do ebanxeo, pero quizais isto ven xa de antigo (mesmo do s. XVIII coa proliferación de tanto retablo), cousa que xustificaría o esquencemento da identidade do titular do sepulcro.

II. NUÑO FREIRE DE ANDRADE, MESTRE DA ORDE DE CHRISTUS

Non se sabe moito do irmán de Fernán Pérez, Nuño Freire de Andrade. Desde 1331 (data que varía nun ano máis ou menos segundo os autores) foi un dos cabaleiros da *Orden de la Caballeria de la Vanda*, instituida nesa data por Alfonso

XI. Con el, armados por Don Pedro Fernández de Castro, figuran os galegos: Fernán Gómez de Valladares, Pedro López de Montenegro, Juan Fernández Bolaños, (nesta posición citase a Nuño Freire), Rui Freire (probablemente o propio pai de Nuño e de Fernán Pérez), Ares Pardo (o pai de Sancha Rodríguez), Diego Pérez de Somoza, García Fernández Sarmiento, Fernán Yáñez de Sotomaior e Matías Pérez de Balboa (39).

Don José GARCÍA ORO dinos del (40):

"... siguiendo la preferencia de muchos caballeros gallegos, entre los cuales estaban los también coruñeses Andeiro, se marcha a Portugal para seguir la evolución de la lucha sucesoria castellana desde tan privilegiado y seguro parapeto. Hace fortuna en tierras lusitanas ascendiendo a Maestre de la Orden de Cristus y fundando un nuevo linaje con el apellido Andrade. Al producirse la invasión de Galicia por Fernando I, Nuño acompaña al Soberano y recibe de este la investidura de Gobernador de La Coruña en donde se mantiene hasta 1371."

Don Miguel GONZÁLEZ GARCÉS engade (41):

"Dejó Fernando I de Portugal una guarnición de cuatrocientos caballeros portugueses al mando de Nuño Freire de Andrade que compartía la posible defensa de la villa con los coruñeses a las órdenes de Juan de Andeiro y, embarcándose en una galera «huyó cobardemente con rumbo a Oporto», según dice César Vaamonde. En lo que no estoy de acuerdo, ya que La Coruña estaba bien guarneceda y fortificada y no era

(39) GÁNDARA, P. Fray Felipe de la. *Armas i Triunfos Hechos Heroicos de los Hijos de Galicia...* Madrid. "Por Pablo de Val", 1662. Facsímil. Vigo, Nova Galicia, 1987, pp. 274-275.

(40) GARCÍA ORO, José. *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*. Santiago, Bibliófilos Gallegos, 1981, p. 125.

(41) GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel. *Historia de La Coruña: Edad Media*. La Coruña, Caixa Galicia, 1987, pp. 297 ss.

lugar en que el Rey tuviese peligro, pero podía quedar aislado y sin defensa su propio Reino. Lo acertado era defender Portugal en el propio Portugal...

Por conveniencia de ambos [Fernando I e Enrique II] se firmó la Paz de Alcoutim, el 1 de marzo de 1371. Don Enrique se comprometía a devolver todas las plazas que había conquistado en Portugal. Fernando I entregaba La Coruña a don Enrique."

Don César VAAMONDE LORES dinos, a propósito de ser nomeado polo rei portugués Fernando I gobernador da Coruña no 1369 (42):

"... Nuño Freire debió pasar al servicio de Portugal en tiempo de Alfonso XI, y es muy probable que sea el Maestre de Christus que tan heroicamente se condujo en la batalla del Salado. Fué muy estimado del rey D. Pedro I de Portugal, quien le dió a criar su hijo D. Juan, habido en una noble señora gallega llamada D^a Teresa Lorenzo de Andrade, y para el cual niño, de siete años de edad, consiguió el maestrazgo de Avís (1364). Este Príncipe es el Maestre que años adelante habrá de asesinar a Juan de Andeiro.

Nuestro compatriota fué también muy querido del rey D. Fernando I, y era tanto su prestigio y poderío en el país vecino, que al firmarse las paces de Santarem entre D. Enrique II de Castilla y D. Fernando de Portugal, el de Castilla exigió que Nuño Freire, en unión de otros caballeros, le fuese entregado en rehenes por tres años como garantía del cumplimiento de aquel tratado.

Del Maestre de Christus descienden todas las familias nobiliarias que en Portugal llevaron sus apellidos, entre las cuales figuran tantos hombres insignes en letras, ciencias y armas.

En los tiempos del rey D. Fernando de Portugal, puede decirse que casi todos los caballeros de la corte y de su Consejo eran gallegos. Entre ellos cuéntanse tres grandes personajes naturales de la Coruña: D.

(42) VAAMONDE LORES, César. "De monetaria gallega", en *BRAG*, nº 262, 1936, pp. 253 ss.



Fig. 27.- Lauda sepulcral, procedente da igrexa de S. Francisco e hoxe no Museo das Mariñas. Representa un irmán de Andrade, quizais Nuño Freire, Mestre da Orde de Christus en Portugal.

Nuño Freire de Andrade, Maestre de la Orden de Cristo, y D. Juan Fernández de Andeiro, conde de Ourem, ... ; y un judío llamado D. David de la Coruña, D. David de Dueñas o D. David Negro, ..."

Non coñeo a data do seu pasamento nin onde está o seu sepulcro. Polo seu papel na Corte de Portugal parecería que é alí onde debería estar. Sen embargo, e a favor de que se enterrase na igrexa-mosteiro de San Francisco de Betanzos (e consecuentemente que sexa o seu sepulcro o que está no Museo das Mariñas), teímos que o bispo de Mondoñedo arrenda a *iohan freyre de andrade fillo do mº de christus et sobrino de pero peres dandre [sic]* ... *despois da morte do dicto fernan peres dandrade a ... casa de muras ...* (43). Este fillo aparece tamén noutros documentos posteriores (44), pero quedémonos coa presente referencia, porque implica varias cuestiós: a) que ós irmáns de Fernán Pérez habería que engadir outro (quizais medio irmán) chamado *pero peres dand[rad]e*; b) que Fernán Pérez xa




Fig. 28.- Un aspecto da lauda sepulcral do irmán de Fernán Pérez..

(43) MAYÁN FERNÁNDEZ, Francisco. "El Obispo de Mondoñedo, Don Francisco, arrienda a Johan de Andrade la casa-torre de Muras, con sus tierras y vasallos. Año de 1391". En: *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, t. VII, nºs 49-52, 1958-59, pp. 300-302.

(44) Así, por exemplo, podería se-lo mesmo fillo do Mestre de Christus, o que atopamos como *Juan Freyre* no 1402 vivindo nunha casa en Melide: ... *Mandolle mais quatro mil mrs. de moeda vella con que compre herdades de uiño en Betanzos propias para qualquer monge que dixere la dita missa como ditto he. Item mando desembargar ao ditto Mosteyro de Sobrado o foro que teño da cassa de Mellide, en que soya morar Juan Freyre* ... A. L. F. "Año 1402.- Testamento de Gonzalo Ocores, progenitor de los Condes de Monterrey". En: *Galicia Histórica*, Santiago, Tipografía Galaica, t. I, núm III, 1901, p. 171. Por estes anos hai desde logo un Juan Freire (no 1403), fillo de Pedro Fernández de Andrade (á súa vez, fillo de Juan Freire de Andrade, o do sepulcro de S. Francisco de Betanzos) e de Doña Mencía de Meira, pero debía ser aínda moi pequeno como para ter una casa en Melide na que soya morar (v. VILLAAMIL Y CASTRO, José. "El Mariscal Pardo de Cela". En: *Galicia Histórica*, t. I, 1901, p.85). En calquer caso queda claro que o Mestre de Christus tiña por estas terras un fillo; outra cousa é saber se era ou non lexítimo, posto que LÓPEZ FERREIRO di que morreu sen fillos lexítimos (esquénese do seu fillo portugués Rui Freire, que aparece nas Crónicas de Fernão Lopes, ou é que tampouco era lexítimo?), mentres que no mesmo párrafo fala dun "**Nuño Freire de Andrade, nieto del Maestre de Christus del mismo nombre y apellido**" (1405 ou algo antes), que segundo a lóxica do autor, nacería dun fillo ilexítimo do Mestre de Christus. Logo todo confirma que aquí tiña algún fillo. Véxase a *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago ... Op. cit.*, t. VII, 1905, p. 23: "... Al fin en el año 1405, hallándose el Alcalde mayor García Sánchez del Castillo en Puertoamán se decidió Juan López [«Canónigo Jua i López de Villouzás, hijo de Lope García de Villouzás, vecino de Betanzos»] á presentar la demanda...tra Fernán Díaz de Rivadeneira. Este alegaba en su favor varias razones, como la de que Fernán Pérez de Andrade había poseído por espacio de cincuenta años los cotos en cuestión [Muniferral e Feás] y que por otros tantos años ya los había poseído su suegro Arias Pardo [sic]; y la de que Fernán Pérez de Andrade había mandado dichos cotos en su testamento á Nuño Freire de Andrade, nieto del Maestre de Christus del mismo nombre y apellido, y á Fernán Díaz de Rivadeneira en caso de que →

estaba morto no 1391, pero por outras referencias (VAAMONDE LORES, César. *Ferrol y Puentedeume... Op. cit.* pp. 85-86) temos que ver nisto unha mala lectura (quizais o ano é 1397) ou erro do documento, e c) a existencia do fillo do Mestre de Christus en Galicia (por máis que probablemente fora ilexítimo) apunta á posibilidade de que éste voltara ó remate da súa vida, deixando en Portugal outra descendencia (concretamente o seu fillo Rui Freire a quen se cita na *Crónica de D. Fernando* de Fernão Lopes, cando se fala do regalo dun alano chamado *rabez* ou (noutra edición) *Bravez* que fixo ó infante Don Juan, *Fernam Perez Damdrade, tio de Rui Freire de Galiza*. ¿Non sería más lóxico dicir neste caso que era irmán do Mestre de Christus? Pois ben, isto pode significar simplemente que o tal Mestre xa non estivera en Portugal e/ou xa finara. Para referencias más directas, vexamos algo das *Crónicas de D. Pedro e D. Fernando* de Fernão LOPES (45):

Este rei [Pedro I, que reinou entre 1357 e 1367] não quis casar: despois da morte de D. Inês, em sendo infante, nem depois que reinou, lhe prouve receber mulher; mas houve amigas e de nenhuma houve filhos (salvo de uma dona, natural de Galiza, que chamaram Dona Teresa) um filho que houve nome Dom João, que foi mestre de Avis em Portugal, e despois rei, como adiante ouvireis. O qual nasceu em Lisboa, onze dias do mês de abril, às três horas depois do meio dia, no primeiro ano do seu reinado. E mandou-o El-rei criar, em quanto foi pe-

queno, a Lourenço Martins da Praça, um dos honrados cidadãos dessa cidade, que morava junto com a igreja catedral, onde chamam a Praça dos Canos; e depois o deu, que o criasse, a D. Nuno Freire de Andrade, mestre da Cavalaria da Ordem de Cristo. (Volume I, p. 10).

Vós ouviste... como despois da morte de D. Inês, El-rei sendo infante, nunca mais quis casar, nem depois que reinou quis receber mulher, mas houve um filho de uma dona, a que chamaram D. João. Deste moço deu El-rei cargo a D. Nuno Freire, mestre de Christus, que o criava e tinha em seu poder, e que, criando-o él assim, sendo em idade até sete anos, veio-se a finar o mestre de Avis, D. Martim de Avelal.

O mestre de Christus como isto soube, foi-se logo a el-rei D. Pedro, que então pousava na Chamusca, e pediu-lhe aquele mestrado para o dito seu filho, que levava em sua companhia; e El-rei foi mui ledo do requerimento, e muito mais ledo de lho outorgar.

Então tomou o Mestre o moço nos braços; e, tendo-o em êles, lhe cinguiu El-rei a espada e o armou cavaleiro, e beijou-o na bôca, lançando-lhe a bênção, dizendo que Deus o acrescentasse de bem em melhor, e lhe desse tanta em feitos de cavalaria, como dera a seus avós: a qual bênção foi em él bem cumprida, como adiante ouvireis... (V. I, pp. 61 ss.).

Outra vez lhe aconteceu [ó infante don João] que aprazou um porco mui grande, o qual achou com gram trabalho, fazendo-o andar longa terra entre dia e noite, de que

→ este Nuño Freire de Andrade, Maestre de Christus, falleciese sin hijos legítimos como así había sucedido. El Canónigo Juan López contestaba que el tal testamento era falso y la cláusula alegada una pura invención. El Alcalde mayor, oídas las partes y examinado el proceso, el 3 de Marzo de dicho año 1405 sentenció que la Iglesia de Santiago, y en su nombre el Canónigo Juan López, debían de ser reintegrados en la posesión de los mencionados cotos, y requirió al Corregidor mayor Gómez García de Hoyos y á sus subalternos para que en todo y por todo pusiesen en ejecución esta sentencia... (Tumbo E, fol. 38)."
Engade López Ferreiro en párrafo final: "El Nuño, Maestre de Christus, es, á no dudarlo, el Nuño Freire que concurrió en el año 1340 á la célebre batalla del Salado y casó con D^a Inés Rodríguez Tabora, parienta de la Reina D^a Leonor de Portugal.

(45) LOPES, Fernão. *Crónicas de D. Pedro e D. Fernando*. París-Lisboa, Livrarias Aillaud e Bertrand, 2^a ed., 1920.

ficou mui cansado; e depois que o houve cercado, mandou a um seu pagem, que lhe levava a ascuma, que fôsse depressa chamar os de cavalo e os monteiros, a tôda a vozaria, e que lhe trouxesem dois alaos, os quais aimava tanto, que os lançava de noite consigo na cama e êle no meio dêles. Um havia nome *Bravor*, que lhe dera seu irmão, mestre de Avis; outro chamavam *Bravez*, que lhe enviara *Fernão Peres de Andrade, tio de Rui Freire de Andrade* [filho do Mestre de Christus], de Galiza. (V. I, p. 153).

Probablemente xa non estivera en Portugal Nuño Freire. De feito Fernão Lopes, que sigue contádonos as andanzas do Infante, dinos (cando o rei se foi fóra do reino) que "andando assim, por tempo morreu de seu natural morte..." Estamos, pois, arredor de 1367.

E ficou D. Maria [a quen amaba o Infante e "irmã da raíña D. Leonor" e que "fôra mulher de Álvaro Dias de Souza"] viúva, assaz em boa idade de mancebia, formosa e aposte, e muito graciosa, achegada de muitos fidalgos seus parentes e de quaisquer outros que bons fôssem, honrando-os muito, segundo cada um merecia, dando-lhes portanto grande gasalhado.

Era de gran casa de donas e donzelas, e camareiras, e outra gente miúda, afora escudeiros e muitos oficiais, e grada e prestador a todos. Havia coração e abastança para o fazer, porque o mestrado de Cristo lhe fôr dado para D. Lopo Dias, seu filho, e as rendas eram postas em seu poder, afora muitos herdamentos móveis e de raiz, e muito bem-fazer da Rainha, sua irmã. (V. I, pp. 156-157).

Todo isto parece demostrar que pouco despois da morte do rei D. Pedro as cousas cambiaron para Nuño Freire. Polo menos o seu antigo protexido, o Mestre de Avis, vai por outros camiños, posto que, namorado dunha viúva (por

outra parte irmã da raíña), será peza importante probablemente para que o fillo da súa namorada sexa o seguinte Mestre de Christus. E todo isto debeu suceder nos primeiros anos do reinado de Fernando I (1367-1383), quizais pouco despois de 1369 cando este rei deixa a Nuño Freire, ainda Mestre de Christus, como gobernador da Coruña. Así nolo conta a *Crónica del Rey Don Enrique Segundo de Castilla, año cuarto 1369* (46):

Como el Rey Don Enrique sopo que el Rey de Portogal entraba en Galicia, é fué para allá, é entró en Portogal.

Estando el Rey Don Enrique sobre Zamora cuidando tratar alguna pleytesia con los de la cibdad porque fuesen suyos, ovo nuevas como el Rey Don Fernando de Portogal entrará por Galicia, é se le diera la Coruña, é que toda la tierra de Galicia le quería obedecer. E el Rey Don Enrique, desque sopo esto, partió luego de sobre Zamora, é fué para Galicia, por ir á pelear con el Rey de Portogal; é iban con el Rey Don Enrique ese camino Mosen Beltran de Clauquin, é todos los Bretones que con él eran; otrosi todos los grandes Señores é Caballeros del su Regno. E el Rey de Portogal, desque sopo que el Rey Don Enrique era en Galicia, non quiso pelear con él, é fuese para Portogal, é los suyos que venian con él tornaronse por tierra; pero dexó en la Coruña algunos dellos, especialmente dexó y á Nuño Freyre, Maestre de Christus en Portogal, con buena compañía. El Rey Don Enrique, desque sopo que el Rey de Portogal era tornado a su Regno, acordó con Mosen Beltran de Clauquin que era con él, é con el Conde Don Sancho, su hermano, é con los otros Señores é Caballeros que y eran, que entrasen en Portogal; por ver si podria el Rey Don Enrique tratar algunas pleytesias con el Rey de Portogal, que fuese su amigo. E entró por la comarca de entre Duero é Miño, é cereó la cibdad de Braga, é fizole bastidas é otros pertrechos, fasta que la tomó. E dende vino á Guimaraens, una villa de Portogal.

(46) *Crónica del Rey Don Enrique Segundo de Castilla, año cuarto 1369*. Biblioteca de Autores Españoles, Madrid, Atlas, 1953, pp. 3-4.

Logo da retirada dos portugueses da Coruña, no 1371, deberon de vir malos tempos para Nuño Freire. Quizais se lle culpou dalgunha das desventuras políticas e militares do rei Fernando I e, además, como xa vimos, parece claro que había intrigas en Portugal para conseguirlo seu cargo. Todo isto puido facer que se retirase a Galicia. Desde logo, para daquela era vello, podía estar enfermo, e non sería tan extraño que viñera vivir á casa do seu fillo, Juan Freire (que xa vimos nun documento de 1391). Ademais, non hai por qué pensar que o convencional enfrentamento con seu irmán Fernán Pérez na Coruña (que representaba a Enrique II) tivera graves implicacións. Lembremos a relación tan afectuosa de Fernán Pérez coa Corte portuguesa nouros tempos, onde Nuño Freire sería o seu gran valedor.

En fin, o momento político e a situación persoal de Nuño Freire puido favorecer que buscase protección no seu, daquela moi poderoso, irmán, Fernán Pérez. Non atopei datos documentais que nos refiran isto e, polo tanto, só me queda o razoamento para encher o valeiro. Pero temos algúns elementos máis de importancia: o sepulcro do Museo das Mariñas procedente de San Francisco, con toda probabilidade dun irmán de Fernán Pérez; o feito de que, salvo de Juan Freire, do que temos sepulcro, dos demais irmáns de "o boo" non se seipa a penas nada (tanto de Lopo Núñez como dese posible Pero Peres)... ¿Por que, pois, este sepulcro dun home barbado, cuberto con bonete, vestido con roupa talar e armado con espada, non pode ser Nuño Freire? Quizais xa non era Mestre da Orde de Christus, pero seguiría sendo un membro da Orde e, polo tanto, podía levar os símbolos crípticos do seu estado: o bonete, a roupa, a posición simbólica das mans en combinación coa espada e o scelo de Salomón do seu pomo... Quizais levaba un can ós pés, asociado desde tempo



Figs. 29, 30, 31.- Enriba, probablemente Nuño Freire de Andrade, Mestre de Christus. Á dereita, os seus irmáns Fernán Pérez e Iohan Freyre. O sepulcro deste foi construído con toda probabilidade logo do seu pasamento, a instancias do seu fillo, Pedro Fernández de Andrade, herdeiro dos estados de Andrade.

FRONMARIAS BARNAM

PARABAHNORADECODAUM



DOORSO OEGAN

MORUMI ESSUTXPISCO DEDICATI COLECTIO Y CEMENTERIUS



HOMINARUM: MECUM: DEDICATADE: PAREDE: PARS: DE:

inmemorial á morte, como guía do home na noite eterna, despois de ter sido o seu compañoero no día da vida (47).

Sobre a estrela hexalfa ou selo de Salomón fágome eco da nota do profesor NÚÑEZ RODRÍGUEZ (*La idea de inmortalidad* .., *Op. cit.*, p. 71) onde se refire ó traballo "La estrella de Salomón en la iglesia de San Isidoro de Sevilla" (en *Archivo Hispalense*, nº 77, 1975, 81):

"... en Galicia existía una superstición muy extendida, en relación con este signo, y que ya había llamado la atención al P. Sarmiento: se le consideraba como un talismán contra la procesión nocturna de los muertos. Asimismo, en el Prólogo al Libro II de los Comentarios al Apocalipsis de Beato de Liébana, se increpa a quienes admiten el sello de Salomón, considerándolos hijos del demonio".

Todo isto lévanos a un mundo de significados que posiblemente obrigará a adentrarse noutros terreos, como o da Cábala. Neste senso, como sinala V. H. ZOLTAN, quizais a posición das mans destes Andrade, en combinación co selo de Salomón, nos dé unha lectura numérico-simbólica que nos leve á idea de resurrección, tema, por outra parte, xunto co complementario do Xuizo Final, moi repetido en San Francisco. (48).

A década de 1370 ben pudo se-la do seu pasamento, logo da Paz de Alcoutim de 1371. Se facemos caso a D. Antonio de la IGLESIA (49), quizais ainda vivía no 1378, a xulgar pola inscrición da igre-

xa de Nosa Señora das Virtudes arredor da imaxe da Virxe, na parede norte, en Pontedeume: "ESTA IGREGA MANDOU FAZER NUNO FREIRE DAN- DRADE A ONRA DE SANTA M. [MARIA] ERA DE MILL E CCCC E X [CATOR CENTOS E DEZA] SEIS ANOS" [1378]. Como non pode ser outro Nuño Freire que o Mestre de Christus, polo menos ó nivel dos coñecementos xenealóxicos actuais (posto que "o mao" sería aínda neno, a menos que na inscrición se puxese "era" por "ano"), viría a demostrar unha vez máis que este home pudo rematar a súa vida na nosa terra.

Se o sepulcro existente no Museo das Mariñas fora o seu, poderíamos comprender mellor a carga simbólica que contén e que transmitiría ós seus irmáns. Como Mestre da Orde de Christus, herdeira do Temple, non pode ser arbitraria a posición das mans. Un xesto que repite Fernán Pérez e Juan Freire (éste sen espada) e que para Galicia so atopo algo semellante nalgúns personaxes do s. XIII: un cabaleiro de San Pedro de Rocas (50), Ourense (outro do mesmo mosteiro intercambia a posición dos brazos), un prior (segundo CHAMOSO, pp. 96-97) da antiga Colexiata de Xunqueira de Ambía (Ourense)... É un símbolo que (digámolo, de momento, como curiosidade) adoptará o cabaleiro *kadosch* (ou cabaleiro da aguia branca ou negra), grado 30º da masonería (51): "La mano abierta sobre el corazón indica la franqueza del

(47) CHEVALIER, Jean e GHERBRANT, Alain. *Diccionario de los símbolos*. Barcelona, Herder, 1988, pp. 816 ss.

(48) ZOLTAN, V. H. "Los Andrade: Una bibliografía histórica". En: *Anuario Brigantino 1991*, Concello de Betanzos, 1992, pp. 167 ss.

(49) IGLESIA, Antonio de la. *El Idioma Gallego: su antigüedad y vida*. La Coruña, La Voz de Galicia, 1886, t. II, p. 71.

(50) MORALEJO ÁLVAREZ, Serafín. *Escultura gótica en Galicia (1200-1350): resumen de la memoria presentada para la obtención del grado de Doctor*. Universidad de Santiago, 1975, pp. 27-28.

(51) RAGON, J. M. *Curso filosófico de las iniciaciones antiguas y modernas*. Buenos Aires, Ed. Glem, 1957, p. 242.




Fig. 32.- Cara da lauda sepulcral do irmán de Andrade que suponemos Nuño Freire.

caballero Kadosch ..." No rito de iniciación ese cabaleiro *Kadosch* debería sacar a espada coa man esquerda.

Non é extraño que se deduza disto unha certa relación destes Andrade coa antiga Orde dos Templarios (*pobres comilitones de Cristo do Templo de Xerusalén*), que data de principios do s. XII e que foi suprimida polo Papa Clemente V no 1312, asignando as súas posesións ós hospitalarios, se ben con excepcións (52). En xullo de 1396 áinda vemos a Fernán Pérez de Andrade, diante de escribanos e maiordomos nos seus coutos de Miño

e Bemantes, xuntando unha serie de veciños co fin de que dixeran *quaes eran as herdades et chantados e vyñas e casas e outras cousas que perteescian e foran da orden do temple*. Da relación dedúcese que eran moitas e moi importantes e Fernán Pérez entregaríaas ós relixiosos de Montefaro (53). Mesmo desde o punto de vista familiar, documéntase nos seus ascendentes, os Traba, algún membro da Orde do Temple (54).

Se nos referimos ó suposto sepulcro do Mestre de Christus, vemos tamén que a cabeza (separada do corpo, pero que

(52) Por reclamación dos reis respectivos, exceptuáronse os bens de Aragón, Castela e Portugal. Co patrimonio dos templarios valencianos fundouse a Orde de Montesa no 1317 para defender a fronteira contra os mouros. Os de Aragón e Cataluña foron entregados á Orde de San Xoán. Os de Castela pasaron, na súa maioria, á Coroa. En Portugal instituiuse a Orde de Cristo, confirmada polo Papa no 1320.

(53) VAAMONDE LORES, César. *Ferrol y Puentedeume ... Op. cit.*, p. 83-85.

(54) VILA DA VILA, Margarita. *La iglesia románica de Cambre*. Cambre -A Coruña-, Concello, 1986, pp. 108-109.

por procedencia, contexto e estilo corresponde ó mesmo, tal como reconstruí no Museo das Mariñas) cúbrese cun bonete, cousa que tamén coñecemos como esencial nos templarios (v. fig. 33).

En fin, non se pretende aquí outra cousa que trazar un certo esbozo do mundo espiritual no que se desenvolveron os Andrade e que, dalgún xeito, se manifestou na súa morte e nas representacións sepulcrais que deles nos quedan. Queda moito aínda por descubrir.

IV. CONCLUSIÓN

É moi probable que o sepulcro feminino que aquí presentamos sexa o de Sancha Rodríguez, muller de Fernán Pérez de Andrade *o boo*. E se isto é así, resulta lóxico supoñer que foi este sepulcro, particularmente a súa lauda, o modelo inmediato para todos ou a maioría dos sepulcros femininos galegos que adoptaron a mesma moda no vestir á hora de representar a finada. Unha moda que se repetiría miméticamente, só con diferencias técnicas segundo o taller, tanto nas últimas décadas do s. XIV como na maior parte do s. XV, en paralelo ó mimetismo que tamén se deu nos sepulcros dos cabaleiros, en relación ó de Fernán Pérez e ó de Aras Pardo (tanto o do pai, de Monfero, como o do fillo, de S. Francisco). En calquer caso, si queda demostrada a existencia en Betanzos, na segunda metade do s. XIV, dunha moda feminina que se desenrolaría con grande profusión por toda Galicia entre a nobreza e a alta burguesía nacente.

É tamén moi probable que o irmán de Fernán Pérez, Nuño Freire de Andrade, Mestre da Orde de Christus de Portugal, se enterrara na igrexa de San Francisco en Betanzos, a xulgar por datos biográficos dos derradeiros anos da súa vida, e sobre todo polo feito da existencia dun sepulcro, que moi ben (por procedencia, época, estilo e outras características es-



Fig. 33.- Sepulcro dun sacerdote templario en Fontenotte (Côte d'Or, Francia). ¿Hai aquí algún precedente antigo para o noso irmán de Andrade?. Foto de Zodiaque, tomada de Peregrinos, Hospitalarios y Templarios, Madrid, Ed. Encuentro, 1986.

pecíficas) lle podería pertencer. De todos os xeitos si queda demostrada a existencia dun sepulcro que pertenceu a algún dos irmáns de Fernán Pérez. ♦

Agradezo a amistosa axuda de V. H. Zoltan, quen, na súa percora de bibliografía sobre os Andrade, atopou traballos e noticias de gran valor.